



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

**meteogalicia**

*Anuario de raios 2014*

---

# **DATOS METEOROLÓXICOS 2014**

## **RAIOS**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>RAIOS REXISTRADOS DURANTE O ANO 2014.....</b>	<b>3</b>
<b>3</b>	<b>COMPARATIVA ANUAL DENDE 2011.....</b>	<b>8</b>

**Data edición: 23/01/2015**



## 1 INTRODUCCIÓN

MeteoGalicia conta dende finais de 2009 cun sistema operativo de detección de descargas eléctricas nube-terra que permite a monitorización de treboadas en tempo real. O sistema permite tamén estimar as posibles evoluciónns a moi curto prazo (*nowcasting*) destes fenómenos.

A rede está composta por catro detectores de raios, un en cada provincia da Comunidade e máis concretamente en Alto do Rodicio (Ourense), Castro Ribeiras de Lea (Lugo), Mabegondo (A Coruña) y Vigo Campus (Pontevedra).

A precisión media na localización dos raios nube-terra en Galicia é da orde de 500 m e unha capacidade de detección superior ao 90%.

Neste informe recóllense os datos do 2014 e unha comparativa dende 2011, ano no que a rede comezou a traballar de forma completamente operativa.

Este sistema opera baixo unha norma de calidade ISO 9001.

Para máis información consultar en:

<http://www.meteogalicia.es/observacion/raios/raios.action>






## 2 RAIOS REXISTRADOS DURANTE O ANO 2014

Durante o ano 2014 detectáronse sobre Galicia 35376 raios distribuídos en 91 días de treboada. A media anual diaria dos días con raios foi 257. Na táboa 1 móstrase a distribución por meses do número de días, o número de raios, os raios/día e as datas de ocorrencia en cada mes. En decembro non se rexistraron raios.


Mes	Nº Días	Nº Raios	Nº Raios/Día	Datas do mes con treboadas																
				3	4	7	13	15	16	18	19	27	28	29						
Xan	11	850	77	3	4	7	13	15	16	18	19	27	28	29						
Feb	11	818	74	1	3	4	5	8	9	10	15	21	25	26						
Mar	6	87	15	3	22	25	26	30	31											
Abr	9	1873	208	2	9	10	11	15	16	18	19	24								
Mai	4	185	46	19	20	22	23													
Xun	10	13288	1329	6	7	12	19	20	21	22	23	24	25							
Xul	5	677	135	2	3	6	18	19												
Ago	2	90	45	2	8															
Set	17	11799	694	2	6	7	8	10	11	12	13	14	15	16	17	19	21	23	27	28
Out	3	79	26	8	12	31														
Nov	13	5630	433	2	3	4	5	8	9	10	11	13	14	15	16	22				
Dec	0	0	0																	
<b>TOTAL</b>	91	35376	257	<b>Táboa 1</b>																

Na figura 1 móstrase a evolución dos días ao longo do ano 2014 nos que se rexistraron raios en Galicia. O maior número de días concéntrase no outono, especialmente no mes de setembro cun 19% do total de días. Síguelle o mes de novembro, cun total de 13 días con raios. Os meses de xaneiro e febreiro acadaron 11 días. No verán, o mes de maior actividade treboenta foi xuño, que foi o mes con maior número de raios rexistrados.



**Figura 1. Número de días de treboada no ano 2014 en Galicia.**


Na figura 2 móstrase o número de raios por mes en Galicia. O mes de xuño (38%), seguido de setembro (33%) e novembro (16%) concentraron a maior parte dos raios rexistrados pola rede de detección, en total un 87% dos raios anuais. No mes de decembro non se rexistrou ningún.



**Figura 2. Número de raios no ano 2014 en Galicia.**




O día 23 de xuño, a rede detectou 12179 raios, dos cales 9397 en Galicia. Isto representa case un 27% dos raios de todo o ano 2014 e a maior parte sobre a provincia de Lugo e entre as 16 e as 18h.



**Figura 3. Raios o 23 de xuño de 2014.**

Tendo en conta a distribución por provincia (ver figura 3), o maior número de raios rexistrouse sobre Lugo (19828- 56%), logo sobre A Coruña (8537 – 24%), séguelle Ourense (3658 – 11%) e finalmente Pontevedra (3353 – 9%).



**Figura 3. Distribución de raios por provincia.**





Na figura 4 móstrase a distribución por concello do número de días nos que se detectou algún raio. Na provincia da Coruña os concellos con maior número de días foron Ortigueira con 17 (o maior tamén en 2013) e Monfero con 16. En Lugo, Guitiriz con 20 e A Fonsagrada e Navia de Suarna con 18. En Ourense, Chandrexa da Queixa con 12 e O Irixo, Laza e Maceda con 11. Finalmente en Pontevedra, Fornelos de Montes e A Lama con 14 e Forcarei con 13.




Figura 4. Número de días de treboada en 2014 por concello.



Tendo en conta o número de raios rexistrados en cada concello e a súa superficie, calculouse a densidade (raios/km<sup>2</sup>) en 2014 (figura 5). Na provincia de A Coruña o concello con maior densidade foi Vilasantar con 4.4. En Lugo, Becerreá con 6.1. En Ourense, Chandrexa da Queixa con 1.7 e en Pontevedra, Fornelos de Montes con 1.9.





Figura 5. Densidade de raios en 2014.





### 3 COMPARATIVA ANUAL DENDE 2011

Como pode observarse na figura 6, no ano 2012 a rede rexistrou 11493 raios sobre Galicia, sendo este un valor moi inferior ó rexistrado no ano 2011 (24190). En 2013 esta cifra seguiu baixando ata un valor de 10367 raios. Sen embargo, 2014 foi, deste 4 anos, o ano cun maior número (35376), superando á suma do 2012 e 2013. Apréciase tamén que a provincia de Lugo en 2014 foi a que recibiu un maior número, próximo aos 20000, superando a suma das outras tres provincias.



**Figura 6. Densidade de raios en 2014.**

Na figura 7 pode verse a evolución do número de raios por mes dende xaneiro do 2011. Nos anos 2011 a 2013, a maior parte dos raios foron rexistrados en primavera e comezos do verán. En 2014, se ben xuño foi o mes cun maior número, a maior parte ocorreron en outono, en concreto, nos meses de setembro e novembro. A cifra de 6000 raios mensuais só foi superada tres veces nestes catro anos, en maio do 2011 e en xuño e setembro de 2014.




Figura 7. Raios rexistrados por mes en Galicia dende xaneiro de 2011 a decembro de 2014.